



ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OEP 2023

Sendo as 13:00 horas do día 13 de febreiro de 2026, en sesión telemática celebrada mediante videoconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 20224 e 2025 (publicadas no BOP núm. 211 do 04.11.2025), xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 2 de febreiro de 2026, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso), Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira do Concello de Bergondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

A xuntanza ten por obxecto estudar as alegacións presentadas e que a continuación se relacionan, con indicación de nome e apelidos, número de rexistro e número de pregunta contra a que se reclama:

Apelidos e nome	Núm rexistro	Pregunta
Tizón Rilo, Mayra	202699900000492	23, 48
Moreira Vilanova, Pablo	202699900000498- 202699900000499	48
Rodríguez Patricio, Marta	202699900000519	24
Antía Rodríguez Constenla	202699900000527	48
Quintela Díaz, Laura Ángeles	202699900000537	48
Santamariña Cadaveira, Mónica	202699900000542	48
Santamariña Cadaveira, Mónica	202699900000542	Revisión puntuación

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe.

1º. Polo Tribunal revísanse as preguntas indicadas polos aspirantes nas súas reclamacións, co seguinte resultado:

1º. 1. Procede corregir a plantilla de respostas na pregunta núm. 48. Sinalouse como resposta correcta na plantilla a d) cando correspondía sinalar a c).

“48. Conforme establece o artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; as retribucións básicas dun funcionario público estarán integradas única e exclusivamente por:

a) soldo, trienios e complemento específico.

b) soldo, trienios e complemento de produtividade.

c) **soldo e trienios.**

d) *soldo, trienios e indemnizacións correspondentes por razón do servizo.*”

1º. 2. En relación á pregunta 23, afirma a reclamante que a hai dúas respostas incorrectas: a a) como se sinala na plantilla de corrección e tamén a b), dado que correspóndelle ao Alcalde fixar o día e hora de celebración das sesións ordinarias, segundo “acepta a doutrina e xurisprudencia”, facendo referencia ás competencias residuais do alcalde no artigo 21.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O artigo 47.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, dispón textualmente: “1. As Corporacións locais poderán establecer elas mesmas o seu réxime de sesións. Os días das reunións ordinarias serán fixados previamente por acordo da Corporación”

Polo tanto a premisa do apartado b) da pregunta é correcta, e a alegación formulada, desestímase.

1º.3. En relación á pregunta 24, a alegante afirma que: “A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local no seu artigo 49 b) se establece o tempo de información pública de mínimo 30 días sen especificar se estes son hábiles o naturais, polo que entendo que a pregunta debería quedar invalidada por no ter entre as súas respostas unha que se poda considerar válida”

A pregunta contra a que se alega é a seguinte:

“24. No procedemento de aprobación das Ordenanzas municipais, o trámite información pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxestións será:

a) *por un prazo mínimo de trinta días naturais.*

b) por un prazo mínimo de trinta días hábiles.

c) *por un prazo mínimo dun mes.*

d) *por un prazo mínimo de vinte días hábiles.*”

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei dictada ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18ª da Constitución Española) dispón no seu artigo 30.2 o seguinte: “2. Siempre que por Ley o en el Derecho de la Unión Europea no se exprese otro cómputo, **cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles**, excluyéndose del cómputo los sábados, los domingos y los declarados festivos”

A pregunta non versa sobre que di o artigo 49.b) da Lei reguladora das bases do réxime local, senón sobre o prazo mínimo do trámite de información pública e audiencia aos interesados no procedemento de aprobación das Ordenanzas municipais, e sobre isto o feito é que as respostas a), c) e d) son incorrectas e só unha delas é a correcta, a **b).**



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Polo tanto, a alegación formulada, desestímase.

2º. En relación á revisión do exame con código 124, revísase co seguinte resultado: preguntas respostadas ben: 43; respostadas mal: 10; non respostadas: 7; puntuación acadada: **8,10 puntos. Non varía a puntuación da primeira corrección.** (sen facer a modificación da pregunta 48)

Á vista do exposto, o Tribunal, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro. Corrixir a plantilla en relación á resposta correcta da pregunta 48, que é a resposta **c)** e non a resposta **d)**.

Segundo. Desestimar as alegacións formuladas ás preguntas 23 e 24 polas razóns indicadas no corpo desta acta.

Terceiro. Na súa consecuencia, emendar a corrección do primeiro exercicio tipo test, segundo o acordado no punto primeiro anterior, quedando como segue:

CÓDIGO	NOTA	CÓDIGO	NOTA	CÓDIGO	NOTA	CÓDIGO	NOTA	CÓDIGO	NOTA
61	7,75	73	6,95	115	6,40	120	7,25	129	1,30
79	7,75	116	4,15	77	7,80	84	5,95	63	6,35
10	5,85	122	5,95	75	8,95	76	6,35	107	1,25
78	6,20	22	6,05	125	5,65	114	5,85	111	7,60
68	8,25	23	8,35	66	8,05	106	7	21	2,20
19	6,85	80	9,05	14	7,75	62	3,50	25	5,85
100	9,30	105	7,90	71	3,05	113	4	67	2,75
24	6	65	6,75	127	9,90	104	4,55	17	9,90
81	7,90	64	3,15	20	4,10	112	5,05	121	7,25
128	2,75	123	9,55	13	8,20	72	4,30	18	8,15
9	6,50	12	4,20	102	2,30	11	2,75	16	9,10
74	5,85	126	6,35	26	3	15	3,45	83	1,60
124	8,35	101	6,55	69	9,15	70	4,30	27	8,25

Cuarto. Manter a convocatoria dos aspirantes aprobados, á celebración do **segundo exame da oposición, o martes 3 de marzo de 2026, ás 9:30 horas no CPI Cruz do Sar do Concello de Bergondo, sito en Rúa A Senra 33, 15165 Bergondo (A Coruña).**

Quinto. Publicar o acordado no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica (Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (BOP núm. 211 do 04.11.2025).

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os Vogais

A secretaria